

### ***Titor*, forma galega medieval para o galego moderno**

A intervención dos planificadores lingüísticos na elaboración do léxico debe contempla-las dúas caras do signo lingüístico, isto é, o significado e o significante: para un determinado significado para o que a lingua non habilitara ningún término, cómpre atopar un determinado significante que o exprese. Este último pode ser unha palabra que non existía antes nesa lingua, e que polo tanto, normalmente estará tomada doutra lingua, ou ben pode ser unha palabra que existe na lingua pero que non adoptara a acepción que agora se lle quere dar. No caso das linguas occidentais, o grego e, máis aínda, o latín, son as linguas ás que máis adoito se recorreu cando a solución consistía en introducir un término novo, e outras linguas de cultura foron canteira importante de préstamos ó longo da historia (sobre todo, o francés e na actualidade, o inglés). Pode darse o caso de que o que se pretenda sexa unha purificación da lingua, ou sexa, a adopción dun término propio e distinto desa lingua, para eliminar un término dunha lingua estraña que se introducira na propia.

O proceso de normalización lingüística do galego actual ofrece numerosos exemplos das diferentes formas de enfoca-los problemas da planificación do léxico: estamos ante unha lingua que comezou no século XIII un proceso de elaboración e que se revelou durante os dous séculos seguintes como capaz de xerar un rexistro formalizado con tendencia á autonomía fronte ás variedades románicas veciñas (quer dicir, castelán e portugués), pero que viu tronzado ese proceso ata o século XIX, mentres que o que inicialmente foi un codialecto desa lingua proseguíu o seu camiño de xeito independente con respecto ó galego cara á súa constitución como estándar nacional, o portugués. Así é que para a elaboración léxica do idioma galego hai que ter en conta, ademais da fala e a literatura galega modernas, a documentación medieval e as solucións portuguesas. Por outra banda, as interferencias do castelán no galego aconsellan manter un criterio diferencialista con respecto a esta lingua (por mor de que o galego adquira suficiente autonomía fronte á lingua que lle fai competencia directa), e isto é ás veces contradictorio co principio que recomenda adoptar solucións o máis acorde posible coas linguas do noso contexto socio-cultural (en primeiro lugar, as románicas, mais tamén as outras linguas occiden-

tais). Todo o exposto é abondo coñecido para os lingüistas que traballan na normalización do galego, pero convén telo presente cada vez que se aborda un problema concreto neste terreo, que xa se ve que é complexo de abondo como para procurar moverse con moito tento cando un se introduce nel.

Pero nesta nota non pretendo discuti-los problemas xerais da elaboración léxica do galego, senón traer a colación un caso concreto que provocou certa polémica na nosa Universidade, cal é a adopción da forma *titor* para a acepción “profesor en canto que orientador ou director dun alumno, individualmente ou en pequenos grupos, especialmente dun graduando ou doutorando” (coido que a definición é suficientemente aproximada) e da forma derivada *titoría* para se referir á adicación do *titor*.

Nos textos medievais galegos e portugueses, a palabra *titor* (co fem. *titor/titora*) designaba “a persoa a quen está encomendada outra non capaz ou incapacitada pola lei para administrarse a si mesma, especialmente a persoa que vela polos dereitos testamentarios dun orfo”. Esta acepción xa a tiña o latino *tutor* (así, en Ovidio: “Hanc tibi commendo; quae quo magis orba parente, hoc tibi *tutori* sarcina maior erit”), palabra que mantíña a súa acepción máis xeral de “defensor, protector, garda” e maila de “instructor” (así, en Cicerón: “*tutorem* aliquem liberis suis scribere”; e Iustino: “*tutorem* agere pupili”)<sup>1</sup>. En canto á forma, no galego e portugués medieval atopamos alternando as variantes *tutor/titor/tetor* (cos correspondentes femininos), e tamén os derivados *tutoria/titoria*. Aínda que non estamos en condicións de ofrecer índices de frecuencia que teñan en conta un elevado número de textos, dada a penuria na edición dos nosos documentos medievais, coido que se pode asegurar que as formas con *i* na primeira sílaba son as máis difundidas, e as formas con *e* deben ser simples variantes fonéticas destas (a alternancia das vocais *i/e* en posición pretónica é un fenómeno habitual no gal. e port. medievais). J.P. Machado<sup>2</sup> ofrece un único aboamento para cada forma, a primeira, para *tetor*, no foral de Beja do século XIII, a segunda para *tutor*, nun texto portugués de 1277, e a terceira, para *titora*, nun texto galego, de Ourense, de 1320. Poden aducirse moitos máis exemplos de *titor/tetor* en portugués: Fr. J. de Santa Rosa Viterbo<sup>3</sup> ofre-

<sup>1</sup> Citados por A. Blánquez Fraile, *Diccionario Latino-Español*, vol. II, Ramón Sopena, Barcelona, 1982<sup>5</sup>, s.v. *tutor*.

<sup>2</sup> J. Pedro Machado, *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, vol. V, Livros Horizonte, Lisboa, 1977<sup>3</sup>, s.v. *tutor*.

<sup>3</sup> Fr. J. de Santa Rosa Viterbo, *Elucidário...*, vol. II, Livraria Civilização, Porto-Lisboa, 1966<sup>3</sup>, s.v. *têtor*.

ce a forma *tétor* (acentuando erroneamente, segundo nos parece): “o mesmo que tutor; diz-se do homem e da mulher. O seu ofício é atender a tudo, o que pode interessar o seu pupilo. *Tetor, e Curador do dito Senhor Rei D. Afonso V.* Artigos especiais das Cortes de Lisboa de 1439. Documento de Viseu.”; A. de Moraes e Silva<sup>4</sup> ofrece *tetòr* e *titòr*: “*tetòr*. V. Tutor, como hoje se diz. *Ord. Af. Prol.*”, “*titòr*. V. Tutor. *Ined. I.* 139.”; Francisco Solano Constancio<sup>5</sup> limítase a recolle-las formas *titor*, *titoría* e *tetor*, advertindo que son formas “obsoletas”; C. de Figueiredo<sup>6</sup> considera a forma *titor* como antiga e popular, ofrece un exemplo, tomado das actas das Cortes de Santarém (“... *dos Mininos órfãos a que dão titores...*”) e remite á *Comedia Eufrosina*, 263. O mesmo exemplo aparece na *Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira*<sup>7</sup>, que tamén califica a forma *titor* como antiga e popular, á vez que dá un aboamento máis, dos *Docs. das Chancelarias Reais* (“... *per autoridade da rainha sua madre como sua titor*”). En galego medieval, ademais do aboamento que Machado aproveitou da *Cronologia do vocabulario galego-português* de R. Lorenzo<sup>8</sup>, que vimos antes, achamos outra forma *titor* nun doc. de Lugo de 1390<sup>9</sup> e podemos ofrecer seis aboamentos máis, tirados do *Livro do Espital do Pobres da Vila de Muros*<sup>10</sup>, dous deles da forma *titor* en sendos documentos de 1423 e 1436, e catro da forma *titores*, nun doc. de 1458. Pola contra, aparéceno-la forma *tutora* por tres veces no *Libro de Actas do Concello de Santiago* (1416-1422)<sup>11</sup>, en dous docs. de 1416. Tamén

<sup>4</sup> A. de Moraes e Silva, *Diccionario da lingua portuguesa*, vol. II, Lisboa, 1823, s.v. *tetòr* e *titòr*.

<sup>5</sup> F. Solano Constancio, *Novo Diccionario critico e etymologico da lingua portuguesa*, Angelo Carneiro Filho, Paris, 1852<sup>2</sup>, s.v. *titor*, *titoría* e *tetor*.

<sup>6</sup> C. de Figueiredo, *Dicionário da Língua Portuguesa de C. de F.*, II, Livraria Bertrand, Lisboa, s.d.

<sup>7</sup> *Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira*, vol. XXXI, Ed. Enciclopédia Ltda., Lisboa-Rio de Janeiro, s.d., s.v. *tutor*.

<sup>8</sup> R. Lorenzo Vázquez, *Cronologia do Vocabulário galego-português*, Galaxia, Vigo, 1968, s.v. *tutor*.

<sup>9</sup> *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, vol. VII, (núms. 53-56), 1960-61, p. 39.

<sup>10</sup> En *Edición dos documentos do Espital dos Pobres da Vila de Muros*, Tese de Licenciatura presentada en 1984 na Univ. de Santiago por A. Lamas Carballo (inédi-ta, aínda que se anuncia unha edición próxima, a cargo de R. Lorenzo Vázquez).

<sup>11</sup> Seguímola lectura do prof. A. Rodríguez, que presenta certa tendencia a ler equivocadamente, castelanizando os textos. Agradecemos a este profesor a posibilidade de acceder á súa lectura, que aínda non publicou.

aparece a forma *tutores* na *General Estoria*<sup>12</sup> (traducción galego do castelán realizada no s. XIV). Non podemos ofrecer máis aboamentos galegos medievais, pero si podemos aduci-lo testemuño do dicionarista J. Cuveiro Piñol<sup>13</sup>, que ofrece como equivalente galego do castelán *tutor*, a forma *titor* (supoñemos que coñecida na lectura de textos medievais) e de J.M. Pintos<sup>14</sup>, que da para o castelán *tutor* as formas galegas *tutor* e *titor*. As nosas pesquisas noutros textos galegos da Idade Media non ofreceron máis resultados.

Acabamos de comprobar que a forma *titor* (coa súa variante *tetor*) coñeceu un amplo emprego na Idade Media no territorio lingüístico galego-portugués. Agora ben, ¿cal é a orixe desta forma? Se a súa orixe é o latín *tutor*, entón estaríamos diante dun cultismo que sufriu unha modificación fonética, que ben pode consistir na disimilación das dúas vocais da serie velar, ou ben pode resultar do influxo analóxico dalgúna palabra sentida como próxima (ocórreseno-la posibilidade, que parece remota, da analoxía con *título*, que aparece adoito como *titolo* nos textos medievais). Pero no latín existiu tamén unha variante *tuitor*, que puidera estar na orixe da nosa forma. As formas que aparecen no dominio lingüístico románico son maioritariamente descendentes indubitables, por vía culta, do latín *tutor*, pero aparecen formas análogas á nosa *titor* nalgúns

---

<sup>12</sup> R. Martínez López, *General Estoria. Versión gallega del s. XIV*, Arquivum, Oviedo, 1963. Hai que ter en conta que pode tratarse dunha forma influída polo castelán. Por certo, a presenza de *tutor* na *General Estoria* alfonsí obriga a corrixir a Corominas, que no seu *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, vol. III (Gredos, Madrid, 1980), s.v. *intuir* ofrece a primeira datación desta palabra en castelán "h. 1490", se ben el mesmo apunta "seguramente anterior al S. XV". Sospeito que a forma *tutora* das Actas do Concello de Santiago poida ser tamén simple castelanismos (se a lectura é correcta), pois aparece sempre na fórmula "a raynna, sua regente e tutora", que se cadra xa estaba consagrada no cast. Teríamos un exemplo de *tutora* anterior á data que ofrece Corominas na obra citada.

<sup>13</sup> J. Cuveiro Piñol, *Diccionario Gallego... con las voces antiguas... y su pronunciación para la escuela diplomática...*, Barcelona, 1876, s.v. *tutor*. Téñase en conta que é practicamente imposible que Cuveiro nin Pintos leran os docs. que nós citamos, polo que hai que supór que ofrecen a equivalencia *titor* do galego para o cast. *tutor* baseándose noutros docs. que nós non demos atopado. En todo caso, para explica-la escasez de aboamentos galegos desta forma, débese ter en conta non só a penuria na ed. de textos galegos medievais e a falta de rigor da maioría das poucas existentes, senón tamén a falta de glosarios, e, finalmente, o feito de que no galego medieval existían outras palabras sinónimas de *titor*, como *curador*, *guardador*, *defensor*, *procurador*, *veedor*, ...

<sup>14</sup> J.M. Pintos Villar, *A gaita gallega*, Pontevedra, 1835, p. 95.

dialectos románicos, que poden ter un antecedente latino común<sup>15</sup>: no dominio occitano, aparece a forma *titou* en limosín, e *titour* en albixense, co significado de “tuteur; soutin d’un jeune arbre”, e a forma *titoulage* en ruergués como “gestion de tuteur”<sup>16</sup>; no territorio lingüístico italiano aparece a forma *didor* en bergamasco (neste caso, xa non se trata dun cultismo)<sup>17</sup>; finalmente, en sardo, témo-la forma *bidori* do campidanés, que Wagner<sup>18</sup> explica como “formazione tratta da *biri* ‘vedere’, ma rifatta sul modelo di *tutori*, che è la voce usuale, naturalmente italianismo. *Bidori* è una specie di interpretazione popolare della voce ufficiale como ‘colui che provvede ai bisogni ed agli interessi del suo pupillo’”. En canto á forma do bergamasco, non se pode explicar, na miña opinión, polo paso do *u* latino a *i* nalgúns dialectos italianos, singularmente os do norte, posto que a zona de *didor* queda fóra da zona do paso *u* > *i*. Sen embargo, Meyer-Lübke<sup>19</sup> dálle como étimo o latín *tutor*, sen ofrecer máis explicacións. No que se refire á forma do sardo, que é a todas luces unha forma patrimonial, Wagner, no lugar citado, considéraa unha forma analóxica

<sup>15</sup> Téñase en conta que o participio pasado regular en latín de *tueor* era *tuitus*, pero esta forma foi escasa e serodiamente usada, mentres que *tutus* foi a máis antiga e usada. Do mesmo xeito que o sustantivo derivado *tuitio*, que é a única forma existente, tanto no latín clásico coma no medieval, presenta un *i*, o agardado sería *tuitor*, que efectivamente se documenta, pero escasísimamente, fronte ás formas xerais *tutor* e *tutela*. Por outra banda, para a datación do castelán *tutor*, única variante rexistrada, vézala nota 13. En catalán medieval existía a forma patrimonial *tudor* (que G. de Diego tamén ofrece para o cast., pero sen apoiarse sen ningún aboamento), que foi moderadamente substituído pola forma culta *tutor*.

En galego a forma patrimonial esperable do latín *tuitor* sería \**tidor*, coa caída do /w/ en posición pretónica, fenómeno regular en galego (*februariu* > *febreiro*, *aestuariu* > *esteiro*, *quattuor* > *catro*, *quietu* > *quedo*, *quindecim* > *quince*, ...) e sonorización do -t- entre vocais. Visto que o -t- se conserva como xordo, hai que considerar a *titor* como semicultismo, para o cal semellaría necesario, pero non parece imprescindible, documenta-la presenza de *tuitor* ou *titor* nos docs. latinos medievais, polo menos no dominio lingüístico galego-portugués.

<sup>16</sup> F. Mistral, *Lou tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français*, vol. II, Biblio-Verlag, Osnabrük, 1966, s.v. *tutour* e *tutourage*. Sen embargo, segundo Loïs Alibert (*Gramatica occitana*, CEO, Montpelhier, 1976, p. 18) “U atòn pretonic dona aisidament *i*: *tutor*, *umor*, *umoris*, *uganaud* (*titú*, *imú*, *imurús*, *iganaut*)”.

<sup>17</sup> G. Battisti e G. Alessio, *Dizionario Etimologico Italiano*, vol. V, G. Barbèra, Firenze, 1966, s.v. *tutóre*.

<sup>18</sup> M.L. Wagner, *Dizionario Etimologico Sardo*, vol. I, Carl Winter-Universitätverlag, Heidelberg, 1960, s.v. *bidòri*.

<sup>19</sup> W. Meyer-Lübke, *REW*, Carl Winters Universitäts buchhandlung, Heidelberg, 1935, s.v. *tutor*.

equivalente á forma do gal. medieval *veedor*, pero coído que tamén se podería explicar partindo de *tutor* (cfr. *quinque* > *kimbe*). En todo caso, non atopo ningún exemplo de disimilación de *u-ó* a *i-ó* en galego, portugués ou calquera das variedades románicas anteditas. Polo tanto, se estas formas se consideran analóxicas, haberá que explicar en cada variedade qué palabra ou palabras exerceron a súa influencia analóxica sobre os resultantes, cultos ou patrimoniais, do latín *tutor*. A fin de contas, as variantes con *i* na primeira sílaba están suficientemente documentadas no dominio galego-portugués e non se atopan reducidas a el, senón que aparecen noutros dominios románicos, outra cousa é que non exista unha explicación histórica satisfactoria para elas.

Como xa vimos, boa parte dos dicionarios actuais portugueses e brasileiros consideran esta forma 'arcaica' e algúns 'popular'. Coidamos que esta segunda calificación carece de fundamento, e polo tanto, en ningún caso se pode considerar esta forma un vulgarismo. ¿Que ocorreu para que *titor* perdese o seu emprego no portugués a partir, polo menos, do século XVIII, en favor de *tutor*? Pois simplemente, que aquela forma foi vítima dos rigores cultistas dos preceptistas portugueses de finais do século XVI e primeiros do s. XVII. Ó final da súa *Orthographia da Lingua Portuguesa*<sup>20</sup>, Duarte Nunes de Leão introduce unha lista de formas 'condenables', por consideralas o seu verdugo vulgares ou non suficientemente conformes ó latín. Por certo, nesa lista aparecen numerosos casos de formas perfectamente vivas en galego, e mesmo consideradas estándar na nosa lingua (p. ex. *boutiço*, *calidade*, *cantidade*, *contía*, *coresma*, *escuro*, *escuma*). Desde o meu punto de vista, é perfectamente discutible se hoxe en galego debemos elevar a forma estándar *titor* ou *tutor*, pero non é aducible para rexeita-la primeira que se trata dun vulgarismo, como tampouco se pode esgrimir como autoridade suficiente para excluír a *titor* do galego estándar a autoridade unicamente de D. Nunes de Leão, por moi grandes consecuencias que esta tivera no desenvolvemento ulterior do portugués formal.

No que se refire ó emprego de *tutor* como profesor que se ocupa da orientación de cada alumno, ou de atende-las relacións dun grupo deles co conxunto dos seus profesores, esta acepción parece provir do inglés, lingua na que a palabra *tutor* comezou a empregarse nesta acepción a

---

<sup>20</sup> D. Nunes de Leão, *Origem e Orthographia da Lingoa Portuguesa por D.N.L.*, *Typographia do Panorama*, Lisboa, 1864, pp. 201 ss. (existe unha edición máis recente, ó coidado de M.L. Carvalhão Buescu, que non teño no momento de escribir este artigo a man).

mediados do século XVI, como consecuencia dalgúns cambios no sistema de admisión dos alumnos ós "College"<sup>21</sup>. O catalán *tutor* acabou tamén tomando aquel sentido específico. En galego, preferiuse amplia-lo significado de *titor* a esta acepción específica antes que habilitar outra palabra para ela (entre outras, podían barallarse *preceptor* ou *mentor*). Polo tanto, para a escolla da forma entre as variantes posibles primou o criterio do diferencialismo moderado, pois considerouse que no campo das linguaxes técnicas pode aplicarse a moi poucos casos, que axudarían a configura-la autonomía do galego (compárese coa escolla *IVE* –*Imposto sobre o Valor Engadido*– en contraste co portugués *IVA* –*Imposto sobre o Valor Acrescentado*–, o castelán *IVA* –*Impuesto sobre el Valor Añadido*–, o catalán *IVA* (*Impost sobre el Valor Afegat*), francés *IVA* (*Impôt sur la Valeur Ajoutée*) e italiano *IVA* (*Imposto sopra el Valore Adgiunto*), pero véxase pola contra o inglés *VAT* (*Value Added Tax*), ...), mentres que no contido operouse nun senso idéntico a outras grandes linguas de cultura do noso entorno.

En definitiva, espero que da lectura deste artigo se evidencie que por unha banda non é o mesmo discuti-la existencia real dunha palabra ou dunha variante ca discuti-la súa orixe (a existencia ou non dunha forma determinada é un dato, o étimo que a explique é unha hipótese), nin é o mesmo discutir filoloxicamente un problema lingüístico ca discutilo normativamente: no primeiro caso trátase dunha discusión restrinxida ó terreo da ciencia lingüística, no segundo dunha discusión situada no terreo da historia, na que entran en consideración factores políticos, sociais, económicos, culturais que soamente poden ter un papel subordinado na discusión estrictamente lingüística.

HENRIQUE MONTEAGUDO

Universidade de Santiago

---

<sup>21</sup> Sobre isto, véxase *Webster's Third New International Dictionary...*, Merriam-Webster's Inc. Publ., Springfield-Massachussets, 1986, s.v. *tutor*.